

ACTA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA 20/12/2023

Sendo as 20:00 horas do vinte de decembro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
D. Andrés Senra Pregal	Club Atl. Novás
D ^a Fátima Cortizo Seijas	Club Balonmán Lalín
D. Guillermo Martín Sánchez Álvarez	Club Bm. Seis do Nadal
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. José Francisco Armesto Pin	Club Bm. Reconquista de Vigo
D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
D. Jesús López González	Club Balonmán Atl. Guardés
D ^a Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
D. Ismael Lago Rodríguez	Club Bm. Cañiza
D. Luis Martínez Mosquera	Club Arteixo Bm.
D. Roberto Samartín López Iglesias	Club Bm. Ribadosar
D. Wallace Moreira de Salles	Club Sanxenxo Bm.
D. José Luis Rodríguez Ureba	Club Bm. Arousa
D ^a Lidia Rodiles García	Club San Tirso SD
D. Víctor Novoa Carrera	Club Bm. Miño
D. Martín Acuña Vaqueiro	EDM Salceda Caselas
D. Miguel Lorenzo Rodríguez Suárez	Club Femenino Balonmán Brigantium
D ^a Andrea Casal Rodríguez	Club Bm. Moaña
D ^a M ^a Begoña Garrido Barros	Club SD. Teucro
D. Miguel ángel Barbeira García	Club Bm. Xallas
D ^a Patricia Sánchez Solla	Club Rasoeiro Balonmán
D. Alberto Mouriño Varela	Club Bm. Línea 21
D. Francisco Javier Abalde Caride	Club UB. Lavadores
D. Santiago Picallo Búa	Club Cisne Bm.
D ^a Helga Peral Varela	Club Polideportivo Lucense
D. Alberto González González	Club Bm. Cangas
D ^a Olga María García Ballesteros	Club Bm. Chapela
D. Isabel Quiñoa Regueiro	Club AD. Carballal
D. Iván Reinaldo Vallejo	Club Deportivo Cultural Ribeiro
D. Daniel Benaches Groba	Adestrador
D. Jairo Bello Vidal	Adestrador
D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
D ^a Ana Alonso Fragua	Xogadora

D. Brais González Blanco	Xogador
D. David Iglesias Freire	Xogador
D. Víctor Rivera Diz	Árbitro
D. Pablo M. Barreiro Suárez	Árbitro

O presidente da paso a Asemblea Extraordinaria, agradecendo a asistencia e explicando que convocamos dita asemblea de forma telemática, para evitar desprazamentos, xa que vai ser unha asemblea breve, posto que so ten dous puntos do día: A aprobación do presuposto do ano 2024 e a aprobación das datas e sedes da Copa 5x5 de Balonmán na Rúa Deputación da Coruña.

Bruno López explica que o presuposto ascende a 2.475.000€, aumentando en 335.236€ o presuposto aprobado para o ano 2023 e quintuplicando o presuposto do ano 2018 cando tomou posesión a actual Xunta Directiva. O 19 de febreiro de 2024 fará oficialmente 5 anos que a Xunta Directiva tomou posesión, querendo dicir que o presuposto aumentou unha media de medio millón de euros ao ano.

As partidas que incrementan o presuposto son sobre todo tres:

- a) A ampliación do circuío de 5x5 de Balonmán na Rúa as provincias de Pontevedra e Ourense, que aínda estamos a espera da confirmación definitiva por parte de ambas deputacións.
- b) Se están levando a cabo negociacións para traer algún partido dunha Selección Nacional Absoluta, posiblemente a feminina. Hai a posibilidade de traer un torneo masculino, pero ronda os 400.000 euros de presuposto e non nos parece asumible.
- c) A solicitude de organización dun Arena 1000, que ascende a uns 150.000 euros, é unha demanda que temos dos clubs de balonmán praia, pero so poderemos organizalo sempre e cando consigamos financiación.

Bruno López continúa informando que tamén destinarase unha partida a posible retribución da Xunta Directiva, xa que foi algo que se aprobou na anterior asemblea e aínda que non sabemos cando se levará a cabo e si se fará, pero preferimos que quede reflectido no presuposto. A partida so representa un 1% do presuposto e non parece relevante, pero preferimos deixalo claro.

Se revisades o presuposto podedes observar que o convenio que temos coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento da nosa actividade ordinaria, supón un 8% do noso presuposto total. A realidade é que somos a única federación que sigue mantendo a gratuidade de arbitaxes en categorías de infantís para abaixo e que non cobramos licenzas. A actividade da federación, nos últimos catro anos se triplicou e o incremento das axudas públicas non se corresponden con dito crecemento.

A aportación dos clubs, (arbitaxes, seguro e dereitos de participación...) supón entre o 18% e o 20% do presuposto total. É importante aclarar isto, xa que si comparamos estes datos cos datos doutras federacións, incluso a nivel nacional, os números poden ser sorprendentemente diferentes.

É importante, ter en conta que a asignación para o Plan Corresponsables diminuíu en máis dun 50% co respecto o ano 2022, e a pesar diso seguimos aumentando o presuposto.

Por último, antes de empezar coas votacións, dicir que o aumento do presuposto é consecuencia do incremento notorio de actividade que está sufrindo a federación, o cal nos obriga a ir a un ritmo frenético e que as preocupacións sexan cada vez maiores e similares as de calquera empresa.

Bruno López pregunta si se precisa algunha aclaración ao respecto, e procedese ás votacións da primeira proposta:

PROPOSTA 1: Aprobación Presuposto 2024

Queda aprobada por 0 votos en contra, 38 votos a favor e 0 abstencións.

A continuación pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é a aprobación de datas e sedes da Copa 5x5 Deputación da Coruña de Balonmán na Rúa. Explicar que é un formalismo que require a Deputación da Coruña, para introducilo no calendario deportivo e poder tramitalo contrato coa federación sen incidencias. As sedes e as datas propostas inicialmente variaron e se consensuaron as definitivas, que poderán ser cambiadas en caso de necesidade.

Preguntamos si hai algunha dúbida e procedemos a votación da segunda proposta.

PROPOSTA 2: Aprobación datas e sedes Copa 5x5 Balonmán na Rúa Deputación da Coruña

Queda aprobada por 0 votos en contra, 38 votos a favor e 0 abstencións.

ROGOS E PREGUNTAS:

Aproveitamos para lembrar que o día 29 de decembro, realizaremos o acto de despedida das seleccións galegas, un acto que consideramos moi importante para a federación e para visibilizar a forza do balonmán galego e convidamos a todo o mundo a que asista a apoiar aos seus xogadores/as.

Non hai intervencións ao respecto. E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión, agradecendo a todos os asembleístas a súa asistencia e participación.


Asdo:

O Presidente:



Don Bruno López Molina

A Secretaria Xeral:



Dona Carla Abad Alonso

En Vigo a 20 de decembro de 2023